

## RESOLUCIÓN NÚM. 254/2010, DO 4 DE AGOSTO, DE APROBACIÓN DAS BASES DO I CERTAME DE FOTOGRAFÍA TURÍSTICA, MEDIOAMBIENTAL E PAISAXÍSTICA DO CONCELLO DE PONTECESO

### ANTECEDENTES

A Área de Turismo e Deportes do Concello de Ponteceso quere organizar o I Certame de Fotografía Turística, Medioambiental e Paisaxística, para promover a participación da cidadanía.

O concello busca imaxes que mostren aspectos turísticos, medioambientais e paisaxísticos de Ponteceso, co obxecto mostrar o encanto de Ponteceso.

Son competente para resolver, de conformidade co artigo 21 da Lei 7/1986, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Polo anterior, RESOLVO:

- 1 Aprobar as bases do I Certame de Fotografía Turística, Medioambiental e Paisaxística do Concello de Ponteceso.
- 2 Darlle conta desta resolución ao Pleno do Concello na primeira sesión que celebre.

Anexo

## BASES DO I CERTAME DE FOTOGRAFÍA TURÍSTICA, MEDIOAMBIENTAL E PAISAXÍSTICA DO CONCELLO DE PONTECESO

### 1 Obxecto

O Concello de Ponteceso, a través da Área de Turismo e Deportes, convoca o I Certame de fotografía, para promover a participación cidadá.

O obxecto do certame será realizar fotografías con contidos que mostren aspectos turísticos, medioambientais e paisaxísticos do concello de Ponteceso.

As persoas interesadas poden achegar 3 fotografías do territorio do concello de Ponteceso.

O concello busca fotografías con encanto do termo municipal de Ponteceso, no ámbito turístico, medioambiental e paisaxístico.

A participación neste certame supón a aceptación íntegra de todas as cláusulas destas bases e, en particular, a autorización, por parte do/a autor/a, para publicalas na páxina [www.ponteceso.net](http://www.ponteceso.net) e, de ser o caso, para editalas en soporte papel para folletos turísticos, libros, etc., así como para ceder a cesión de dereitos establecida en la Base 7ª

### 2 Prazo, duración e ámbito

O prazo do certame vai dende o 10 de agosto de 2010 ata o 31 de agosto de 2010.

As bases e o prazo para presentar as fotografías sairán publicados na páxina [www.ponteceso.net](http://www.ponteceso.net) cunha antelación de 5 días.

### 3 Forma de participar

As persoas interesadas en participar deberán encher o formulario de inscrición que estará ao seu dispor nas oficinas xerais da casa do concello.

As persoas interesadas deberán presentar, xunto co formulario, a fotocopia do NIF e unha copia en formato dixital coas fotografías que presentan ao certame. Só participarán no certame as fotografías que cumpran os requisitos sinalados nas bases.

### 4 Requisitos das fotografías

As persoas interesadas poderán presentar as fotografías en cor ou en branco e negro, e non poderán estar manipuladas.

Deberán presentar as fotografías en formato jpg en soporte CD.

As imaxes que non teñan un mínimo de calidade para poder ser reproducidas na web ou en soporte papel non participarán no certame. Tamén quedarán excluídas e serán eliminadas todas aquelas fotografías que puideran atentar contra o bo gusto, e/ou as ofensivas ou que non cumpran cos requisitos establecidos nestas bases.

### 5 Límites e autorizacións

Poderán participar as 30 primeiras persoas maiores de 14 anos que estean inscritas, tanto do concello de Ponteceso como doutros concellos.

As fotografías e os nomes dos/das autores/as sairán publicadas na web na orde na que sexan recibidas e revisadas. Tamén poderán ser publicadas en soporte papel.

O Concello de Ponteceso resérvase o dereito de publicar todas ou parte das fotografías.

### 6 Premios

Non hai premios en metálico, por ser un certame e non un concurso.

O agasallo para as 30 primeiras persoas que participen e que cumpran os requisitos das bases consistirá nun pen drive de 4 gigas.

### 7 Cesión dos dereitos

As persoas que participen neste certame responsabilízanse da autoría e da orixinalidade das fotografías, así como do seu contido, que non poderá ser ilícito, ofensivo ou discriminatorio, nin poderán lesionar bens e dereitos doutras persoas. As persoas que participen deberán asegurarse de que terceiras persoas non poidan reclamar ningún dereito con respecto ás imaxes que presenten ao certame. O feito de participar neste certame implica que as persoas que participan ceden ao Concello de Ponteceso, de xeito non exclusivo, os dereitos de explotación sobre as fotografías, incluíndo os dereitos de reprodución, recompilación, transformación (en particular, os efectos da publicación), distribución e comunicación pública, polo máximo prazo de tempo

que lles reconece a lei ás persoas/entidades titulares dos dereitos e por calquera medio ou soporte.

As persoas que participen deberán sinalar o nome dos/as autores/as, o lugar no que foron feitas e poderán titular as fotos, se o consideran oportuno.

#### 8 Protección de datos de carácter persoal

As persoas interesadas poderán cancelar ou rectificar os seus datos en calquera momento, de conformidade coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, sobre a protección de datos de carácter persoal.

Toda a información e todos os datos de carácter persoal que faciliten as persoas que participen neste certame deberán ser propios e certos. As persoas que participan son as únicas responsables das manifestacións falsas ou inexactas que fagan e dos prexuízos que causen.

#### 9 Aceptación das bases

A participación no certame supón a plena aceptación destas bases, así como a sometemento expreso ás decisións que puidese adoptar a organización para os efectos de interpretar ou resolver cuestións non recollidas nelas.

Ponteceso, 4 de agosto de 2010  
O alcalde

José Luis Fondo Aguiar